

concurso europeo para manterse sen fumar, dirixido aos escolares do primeiro ciclo da ESO

CLASES
SEN
fume

Información para os escolares

XUNTA DE GALICIA

É un concurso europeo para mozos e mozas da túa idade (12-14 anos).

Ten como fin evitar que comeceades a fumar ou ben, se xa o tes feito, que deixes o tabaco antes de que te enganches. Moitos rapaces empezan a fumar aos 11 anos e aos 14 xa son adictos.

Este concurso baséase na responsabilidade e confianza mutua.

Durante o concurso realizaredes unha serie de actividades que aumentarán os vosos coñecementos sobre o tema do tabaquismo ao tempo que vos divertides e podeades gañar grandes premios.

**Tedes que participar
toda a clase.**

¿ANIMADO A

participar

¡¡SEGURO QUE SI!!



Se estás decidido ou decidida, cubre a ficha de compromiso e comunícalles aos teus pais a túa decisión. Anímaos a que te acompañen nesta aventura que vas comezar e que eles tamén se comprometan a non fumar, facendo **a vosa casa un fogar sen fume.**

¿Que tes que facer para participar?



Comprometerte

xunto cos teus “compas” da clase, **a non fumar** durante polo menos seis meses, (dende novembro ata abril), incluíndo as fins de semana e os períodos de vacacións.

Vós sodes os responsables, unide os vosos esforzos para evitar que o tabaco vos enganche.



axUDAR

aos teus “compas”, se ves que alguén ten tentacións de abandonar.

Lémbralles que é un pacto entre todos e que se un falla, fallades todos.

Se ocorre isto, intentade resolver a situación, coa axuda do voso titor ou titora.



elixir un REPreseñtante da clase

que recibirá a información e os materiais para distribuír na aula, que vos lembrará as datas claves e poderá participar nos grupos de traballo de mellora do concurso.



Realizar

varias actividades de prevención do tabaquismo.

Consistirá nun **lema acompañado dunha representación gráfica.**

Unha mensaxe clara que vos anime a non fumar.

Podedes utilizar debuxos, fotos, recortes, ou o ordenador..., facede voar a imaxinación.

Reunídevos na clase e decidide sobre que tema queredes traballar.

Facede cada un unha proposta, elixide entre todas a que máis vos guste para que vos represente no concurso.

Slogan

Só podedes enviar un slogan por aula.

Envialo antes do 15 de decembro de 2006.

Un xurado elixirá o mellor slogan. O premio será unha viaxe ao parque da Warner-Bross en Madrid.

Ademais, poderá ser utilizado como imaxe do programa en camisetas, gorras,...

Actividade creativa

Tedes ata o **31 de marzo** para desenvolvela.

Previamente debedes presentar **un proxecto por aula** e envialo antes do **15 de decembro**.

Os mellores traballos poderanse presentar no acto de entrega de premios.

Elixide a modalidade que máis vos guste.

Podedes deseñar materiais multimedia, elaborar un anuncio publicitario, unha canción con baile, unha obra de teatro ou un xogo.

Todos debedes **participar** achegando ideas.

Valorarase a **orixinalidade, a claridade da mensaxe e a participación de todos**.

Xuntos podedes gañar o premio á mellor actividade, que será unha viaxe ao **parque de Warner-Bross** en Madrid.

Tedes que **traballar uns caderniños** que vos facilitaremos e que aumentarán os vosos coñecementos sobre o tabaco: ¿por que se fuma?, a presión da publicidade e dos amigos que fuman, os efectos sobre a saúde,...


Vós mesmos **descubriredes as respostas** máis axeitadas.

Unidades didácticas

de prevención do consumo de tabaco

Aprender tamén pode ser divertido.

Traballalos axudarache a tomar unha decisión informada sobre a túa relación co tabaco.



¿Que podes gañar?

saúde

Non fumar é a mellor decisión que podes tomar.

AutOEstima

Ti es máis forte ca o tabaco e decides o que queres facer.

Non deixes que ninguén nin nada decidan por ti.

Grandes premios

Unha **viaxe a un parque temático** na última semana de maio para:

- _ A clase seleccionada por sorteo entre as que cheguen ao final.
- _ As clases gañadoras do mellor slogan e da mellor actividade creativa.




Premio - sorpresa para as aulas finalistas.

Diploma e recordo da participación para escolares e titores.

Premio Fogares sen Fume, que se sorteará entre as familias participantes.

Premio internacional que se sorteará entre todas as aulas que participades en Europa.

¡¡ANÍMATE A PARTICIPAR!!



Lembra que...

te **COM**Prómetes

persoalmente e con todos os teus “compas” de aula,
a non fumar, polo menos, durante 6 meses.

Unide os vosos esforzos e alcanzaredes a vitoria.

COLABORARÁS

activamente na realización das **actividades do concurso.**

Se alguén de vos fumades nalgún momento, tedes que valoralo e, xunto co titor, decidir se podedes ou non reconducir a situación e continuar no concurso.

Sodes os responsables, debedes reforzar a confianza mutua e demostrar que **podedes máis ca o tabaco.**

Participar en

CIAES

SEN
fume

**é doado...,
NINGÚEN VOS CONTROLA.**